



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 25 DE XANEIRO DE 2019**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

LIC/1119/2018.- DIEGO MUCIENTES MOLINA.- Conceder licenza para división da vivenda da planta 2º letra A do edificio sito na Praza de Cervantes nº 12 e conceder licenza para obras de reforma interior na vivenda 2º A e 2º C resultado da división da vivenda 2º A do edificio sito na Praza de Cervantes nº 12.

LIC/382/2018.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para restauración de cubertas do templo: nave principal e cruceiro da catedral na Praza do Obradoiro, 3.

LIC/859/2018.- MARÍA DEL CARMEN POMBO SENDE.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita en Lugar de Pereiras do Eixo, 4.

LIC/820/2018.- ANA MARÍA TABOADA ANIDO.- Conceder licenza para executar obras de rehabilitación da cuberta do inmovible sito na Trav. Vista Alegre (de), 69.

LIC/1546/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RODRÍGUEZ DE VIGURI, 25.- Conceder licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Rodríguez de Viguri, 25.

LIC/1793/2018.- GUSTAVO ADOLFO ROEL SÁNCHEZ.- Conceder licenza para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Espiñeira (da), 14 A.

LIC/1496/2017.- ELENA NOYA ILLODO.- Conceder licenza para obras de reforma de cuberta de vivenda unifamiliar sita na rúa Anxil (do), 9.

LIC/484/2018.- GESTIÓN HIPERION, S. L.- Conceder licenza para a construción dun edificio de soto, planta baixa, 5 plantas altas e baixo cuberta para 7 vivendas, garaxes e rochos na Avda. Rodríguez de Viguri, 39.

LIC/483/2018.- GESTIÓN HIPERION, S. L.- Conceder licenza para executar obras de demolición de edificio situado na Avda. Rodríguez de Viguri, 39.

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para división da vivenda da planta 2º letra A do edificio sito na Praza de Cervantes nº 12, e concesión de licenza para obras de reforma interior na vivenda 2º A e 2º C, resultado da división da vivenda 2º A do edificio sito na Praza de Cervantes nº 12. LIC/1119/2018. Apróbase a proposta.**

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para restauración de cubertas do templo: nave principal e cruceiro da catedral na Praza do Obradoiro, 3. LIC/382/2018. Apróbase a proposta.**

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, remisión de copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e concesión de licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita en Lugar de Pereiras do Eixo, 4. LIC/859/2018. Apróbase a proposta.**

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar obras de rehabilitación da cuberta do inmovible sito na Trav. Vista Alegre (de), 69. LIC/820/2018. Apróbase a proposta.**

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Rodríguez de Viguri, 25. LIC/1546/2018. Apróbase a proposta.**

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Espiñeira (da), 14 A. LIC/1793/2018. Apróbase a proposta.**

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para obras de reforma de cuberta de vivenda unifamiliar sita na rúa Anxil (do), 9. LIC/1496/2017.**

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a construción dun edificio de soto, planta baixa, 5 plantas altas e baixo cuberta para 7 vivendas, garaxes e rochos na Avda. Rodríguez de Viguri, 39. LIC/484/2018. Apróbase a proposta.**

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar obras de demolición de edificio situado na Avda. Rodríguez de Viguri, 39. LIC/483/2018. Apróbase a proposta.**

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa ao inicio do procedemento de avaliación ambiental do Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3). Acórdase remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio de procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan Especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés a Santiago, promovido polo Concello, xunto co Documento ambiental estratéxico e co borrador do plan, todo iso segundo a documentación presentada no Rexistro Xeral do Concello.**

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao proxecto de modificación puntual da Ordenanza da ORA e aparcamento de residentes. Apróbase a proposta.**

**12.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade relativa á aprobación da programación e actividades resultantes dos orzamentos participativos. Apróbase a programación de actividades dos orzamentos participativos a desenvolver de marzo a setembro de 2019, cun gasto total de 100.000 euros. As actividades terán carácter gratuíto e estarán dirixidas a mozas e mozos de entre 14 e 30 anos.**

**13.- Proposta da concelleira delegada de Centros Cívicos relativa á aprobación das actividades regulares, prezos públicos e custe dos proxectos de rede dos centros cívicos para o período comprendido entre xaneiro e xullo de 2019. Apróbase a programación das actividades regulares e dos proxectos da rede de centros cívicos previstos de xaneiro a xullo de 2019, por un importe de gastos de 167.000 euros, e a previsión estimada de ingresos das actividades con pagamento, que ascende a 77.280 euros. Apróbanse tamén os prezos públicos reducidos das actividades.**

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía dando conta da interposición do recurso especial de contratación da empresa ATLANTIC PONTE, e dar traslado da documentación solicitada polo TACGal, así como o informe ao recurso interposto no expediente do "servizo de execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na ludoteca das Fontiñas, no centro educativo e de lecer María Miramontes". Dase conta.**

**15.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía dando conta da interposición do recurso especial de contratación da empresa ESCOLA DE TEMPO LIBRE**

**DON BOSCO, e dar traslado da documentación solicitada polo TACGal, así como o informe ao recurso interposto no expediente do "servizo de execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na ludoteca das Fontiñas, no centro educativo e de lecer María Miramontes".**  
Dase conta.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza definitiva para responder do contrato de consultoría e asistencia técnica para o establecemento dun centro de interpretación ambiental en Santiago.** Apróbase a proposta.

**17.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do "servizo de creación, cobertura e mantemento dos arquivos fotográfico e sonoro do concello de Santiago de Compostela".** Apróbase a proposta.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á rectificación do erro producido no acordo da sesión de 13.7.18 do imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.** Apróbase a proposta.

**19.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas municipais de saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e recollida domiciliar de lixo; así como dar de baixa no censo das ditas taxas.** Apróbase a proposta.

**20 a 45.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.** Apróbase a proposta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de mellora das infraestruturas no barrio de Vite, FASE I.** Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 598.182,11 euros e un prazo de execución de tres meses.

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto do parque infantil en Coto dos Olmos.** Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 56.774,86 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de tres meses.

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do contrato baseado nun acordo marco da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias para a subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión.** Acórdase o inicio do expediente de adxudicación, cun orzamento de licitación de 1.849.917 euros, IVE incluído.